

**COPIA DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 22 DE XANEIRO DO 2024.****Sesión 01/2024-P****SRES/RAS ASISTENTES****PRESIDENTE**

D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)

**CONCELLEIROS**

Grupo Sadamaioría (SM)

D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira

D. Marcos Villar López

D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández

D. Xosé Fernando Fariña Andrade

D<sup>a</sup> Patricia Martínez Abruñedo

D. Ricardo Berrocal Fariña

Grupo Unidos por Sada (UPSA)

D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral

D. Sergio García López

Grupo Partido Popular de Sada (PP)

D<sup>a</sup> Esperanza María Arias Ferreiro

D. Fernando España López (Chano)

D<sup>a</sup> María Isabel Val Armesto

D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)

Grupo Mixto (GM)

D<sup>a</sup>. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente»)

D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)

**NON ASISTEN**D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa (UPSA)

D. Breogán Blanco González (UPSA)

**PERSOAL ASISTENTE**

D. Jorge Pedro Vázquez Solla

(funcionario responsable do Padrón)

**SECRETARIA**D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas

No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 09.00 horas do día luns 22 de xaneiro do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvinda a todos e a todas a este Pleno extraordinario do Concello de Sada.

**ÚNICO.- SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 18 DE FEBREIRO DO 2024.**



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2023/G010/000001

Logo de terse convocado Eleccións ao Parlamento de Galicia para o vindeiro día 18 de febreiro do 2024 mediante o Decreto 150/2023, do 25 de decembro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións («DOG» núm. 243, do 26 de decembro do 2023), segundo o disposto no artigo 26 da Lei 5/1985, Orgánica do Réxime Electoral Xeral, o Concello debe proceder á designación dos membros das Mesas electorais, mediante sorteo público, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria.

Procédese polo tanto a efectuar o dito sorteo público das Mesas Electorais para as Eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro do 2024, empregando a base de datos do censo electoral facilitada polo INE e o programa do padrón de habitantes para o sorteo dos compoñentes das mesas electorais. Obténdose o resultado que se recolle na táboa que se xunta ao final.

Ademais queda realizado un segundo sorteo, que tamén se xunta ao expediente, como anexo, resultando todos suplentes, e que se empregará de ser o caso de que se esgoten as persoas seleccionadas no primeiro sorteo como consecuencia de notificacións negativas ou escusas aceptadas pola Xunta Electoral de Zona.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 09 horas e 06 minutos do día luns 22 de xaneiro do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo visual, sen que conste o audio por problemas técnicos, asinado electronicamente e que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).

TÁBOA DO RESULTADO DO SORTEO:

*(Omitida na publicación para os efectos da protección dos datos persoais)*